# NOME CIENTÍFICO

*Aloysia citriodora*

**Familia:** Verbenaceae
**Orixe:** Sudamérica
**Nome común:** Herba Luisa ou Verbena de Indias

## Descrición:

Arbusto caducifolio de entre tres e sete metros de altura con talos leñosos na parte superior.
Crece de forma silvestre nos países andinos.



17



18



19

**As súas follas** están verticiladas, o que significa que tres ou máis saen do mesmo punto do tronco, como se fosen pisos. Teñen forma lanceolada (alongada).

**As flores** son pequenas, brancas e se agrupan en espigas.



20

**O froito** é un froito seco que se abre repentinamente.

# Aloysia citrodora

## Hábitat

É nativa de Sudamérica, onde crece de forma silvestre nos países do cono sur. Foi introducida en Europa no século XVII onde pode cultivarse en zonas temperadas. A temperaturas por debaixo de 0ºC perde as follas, se ben o seu tronco resiste sen problemas ata os -10ºC.

## Usos ou propiedades

Son variados. Utilízase como planta ornamental en xardíns pero fundamentalmente ten unha utilidade medicinal.
As infusións de herba Luisa se utilizan como dixestivo e para dores de estómago. Consúmese tamén como relaxante lixeiro, e como contén gran cantidade de melatonina é utilizada para favorecer o sono durante a noite. Tamén ten capacidade antioxidante.
Na Arxentina é moi utilizado para aromatizar o mate, a bebida nacional por excelencia.

## Categoría IUCN

Non Avaliada (NE)

## Curiosidades

O seu nome “citrodora” é debido a que ten un olor semellante ao do limón.